



## ↓ Entrambasauguas

**C**ondo taba acabándose el mes de xunio, xusto el víspera da festa de San Pedro, como se el craveiro del Célo lo chamase, falecía en Uviéu el noso amigo Jacinto Díaz López. Jacinto, que tía 96 anos, era maestro d'enseñanza primaria —como a él ye gustaba chamarse—, y exercera a súa pro-

fesión sempre con verdadeira vocación y exemplaridad, primeiro na Vigüía (Tapia), llougo en Bual, unde tuvo moitos anos, y despóis en Uviéu. Nos tres sitios deixóu tía brillante llección de lo que ten que ser un bon enseñante, como así lo atestiguan os rabaños de nenos —hoi homes y mueres— que durante máis de corenta anos tiveron a sorte de tello de maestro.

Con Jacinto Díaz fóisenos ún dos puntales cooperadores d'*ENTRAMBASAGUAS* que, desque víra a lluz alló pol brao de 1996, acoyéu as súas interesantes colaboracións, feitas todas ellas cua ilusión de qu'es-

ta publicación fose medrando.

Nacido na Roda (Tapia), era un bon conocedor del gallego-asturiano, y non sólo conocedor senón defensor de qu'a *nosa fala*, como a xente ye chama, nun se perdesa. Así, escribiu el libro *Ditos, refráis y outras cousas* (Consejería de Cultura del Principao, 1993) y, en colaboración col

sou amigo Manolo Galano, fixeron el *Vocabulario d'a Roda* (Consejería de Cultura del Principao, 1993), al que ye dedicaron os dous llargas horas d'agayoso trabayo. Y xa, condo rondaba os noventa anos, inda tuvo arrestos pra concursar al *IX Premio Xeira de narracións curtias en gallego-asturiano* y, por suposto, ganallo.

Namáis nos resta deixar constancia del noso sentimento pola morte d'este home, sentimento que compartimos col da súa viuda Amalia Corveiras y col dos sous cinco fiyos que, por certo, siguiron el camín de sou padre y de súa madre como enseñantes.

Tuveron ben en quén espeyarse. 

